

**PLAN  
DE  
CONVIVENCIA**

**CEIPP ANXO DA GARDA**

## ANEXO X

### ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>1.1. Contexto legal.....</b>	<b>2</b>
<b>1.2. Análise da situación.....</b>	<b>2</b>
<b>2. OBXECTIVOS.....</b>	<b>3</b>
<b>3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVIVENCIA.....</b>	<b>4</b>
<b>3.1. Medidas.....</b>	<b>4</b>
<b>3.2. Actuacións.....</b>	<b>6</b>
<b>3.3. Programas específicos.....</b>	<b>7</b>
<b>4. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....</b>	<b>7</b>
<b>5. XESTIÓN DO INCUMPRIMIENTO DAS NORMAS.....</b>	<b>8</b>
<b>6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>10</b>
<b>7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN.....</b>	<b>10</b>
<b>8. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>11</b>
<b>9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>11</b>
<b>ANEXO I. Cuestionario de convivencia escolar no centro educativo.....</b>	<b>12</b>
<b>ANEXO II. Programa de Habilidades Sociais.....</b>	<b>15</b>
<b>ANEXO III. Modelo de parte de amonestación.....</b>	<b>22</b>
<b>ANEXO IV. Modelo de carta de notificación ás familias.....</b>	<b>24</b>
<b>ANEXO V. Modelo de carta de notificación.....</b>	<b>25</b>

## **1. INTRODUCCIÓN**

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar. O obxectivo principal na elaboración deste plan é a necesidade de conseguir unha boa convivencia no centro, destacando que se trata dunha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa. A normativa actual da comunidade autónoma de Galicia referida a convivencia escolar fai mención ao plan e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no Proxecto Educativo de Centro.

### **1.1. Contexto legal.**

O marco legal que xustifica e desenvolve actuacións respecto á convivencia nos centros educativos serían:

- Lei 27/2005 de 30 de novembro (BOE 1/12/2005) de fomento da educación e a cultura da paz.
- LOE 2/2006 de 3 de maio (BOE 4/05/2006)
- LOMCE 8/2013 de 9 de decembro (BOE 10/12/2013)
- Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro (DOG 27/03/2015) polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

### **1.2. Análise da situación.**

O centro educativo CEIP Anxo da Garda, situado no barrio dos Castros da cidade da Coruña, conta cunha plantilla de 19 profesores e profesoras para ambas etapas educativas que se ofertan, incluíndo as especialidades, habendo a maiores unha praza de auxiliar de conversa para inglés.

O centro conta con 247 alumnos para o curso 2016/2017, sendo aproximadamente un 35% os

que acoden habitualmente ao comedor escolar, xestionado pola ANPA e un 7% ao Programa de Madrugadores; polas tarde ofértanse actividades extraescolares e o uso de transporte escolar é inexistente, xa que todo o alumnado concéntrase no barrio. O nivel socioeconómico e cultural das familias, en termos xerais, é medio, aínda que algunha familia atópase no nivel baixo.

Tal como se indica no Proxecto Educativo, o centro enténdese como un colectivo, polo cal é destacable a importancia dunha boa relación. De igual xeito, a educación é considerada como aquilo que vai moito máis alá dos contidos establecidos, polo que se atende aos aspectos transversais organizando actividades conxuntas durante o curso escolar.

Por outro lado, o centro colabora con outras entidades ou institucións, como o Concello, centros cívicos, a UAMI e outros centros educativos.

Debido a todos os momentos que existen no centro no que a comunidade educativa debe convivir nun mesmo espazo, é necesario que se establezan uns mínimos de convivencia dentro do centro escolar, así como mecanismos de prevención de condutas que impidan desenvolver unha correcta relación entre todos os membros da institución, ademais de incentivar a participación e colaboración da comunidade educativa en materia de convivencia.

A convivencia escolar debe entenderse como as relacións de respecto mutuo entre todo o persoal docente, non docente, o alumnado e as familias, cunha interrelación harmónica e sen violencia, tanto en horario lectivo como non lectivo.

Ao tratarse dun tema de responsabilidade de toda a comunidade educativa, debe ser esta quen participe e colabore na formación e desenvolvemento deste Plan de Convivencia, así como no intento de evitar conflitos.

No noso centro, a convivencia, polo xeral, é bastante tranquila, sen que existan conflitos graves. Os incidentes ocasionais son tratados de xeito inmediato polos profesionais do centro, aínda que destacamos a importancia de mellorar sempre aqueles aspectos contrarios á convivencia, así como propoñer mecanismos de detección das necesidades que vaian xurdindo. Para isto empregárase o cuestionario de convivencia escolar ofrecido pola Consellería de Educación, que figura no Anexo 1.

## **2. OBXECTIVOS**

Co desenvolvemento deste Plan de Convivencia perséguese unha serie de obxectivos para garantir que a convivencia dentro do centro educativo sexa a máis adecuada dado o número de persoas que acoden ao mesmo, así como das diversas actividades e proxectos que se

desenvolven. Estes obxectivos adaptaranse ás necesidades que xurdan no momento. Tendo en conta a situación actual do centro educativo, os obxectivos que se queren conseguir son:

- Respetar a todos os membros da comunidade educativa.
- Impulsar a participación e colaboración da comunidade educativa en materia de convivencia.
- Artellar estratexias para facilitar a integración dos alumnos/as de 3 anos no centro.
- Artellar estratexias para a integración de alumnos/as novos no centro, prestando especial atención a aqueles alumnos/as cunha lingua distinta ás vehiculares do centro.
- Establecer estratexias para a adaptación e integración do alumnado que presente Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Establecer estratexias para a integración de alumnado doutras etnias ou culturas.
- Definir mecanismos ou estratexias para a prevención e detección de condutas contrarias á convivencia.
- Previr e tratar situacións de acoso escolar.
- Iniciar procesos de formación en aspectos relacionados coa convivencia escolar para o profesorado, persoal non docente, o alumnado e as familias.
- Corresponsabilizar ás nais e pais ou tutores legais no mantemento da convivencia no centro, como un dos principais deberes que lles corresponde en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.
- Definir unhas normas básicas de convivencia consensuadas entre o profesorado e o alumnado.
- Resolver pacificamente os conflitos, fomentando valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar a convivencia escolar.

### **3. MEDIDAS, ACTUACIÓNS E PROGRAMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVIVENCIA**

3.1.As medidas para o desenvolvemento da convivencia no centro educativo teñen carácter preventivo ou de sensibilización, formativas e organizativas.

**Como medidas preventivas:** realizaranse actividades para a acollida do alumnado que ingrese

por primeira vez no centro e para as súas familias, principalmente por parte do titor/a, que facilitará o coñecemento das normas de convivencia do centro e da aula, especialmente para o alumnado de tres anos. Medidas para o alumnado de nova incorporación e/ou procedente do estranxeiro.

### ALUMNADO DE 3 ANOS

- Dividirase a clase en dous grupos de maneira que o primeiro asista de 9,00 a 11,00 e o segundo de 12,00 a 14,00 horas. Este segundo grupo estará formado por todo o alumnado que acuda ao comedor escolar, e, de non estar equiparados en número, a división faríase por orde de lista, correspondendo a primeira metade á primeira quenda.
- Durante o mes de setembro, cando os pais/nais veñan a entregar o material previamente ao inicio das clases, aconsellaráselles que veñan acompañados dos seus fillos ou fillas, para coñecer as instalacións e ao mestre/a correspondente.

### ALUMNADO NOVA INCORPORACIÓN E/OU PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

Segundo queda recollido no Plan de Acollida do alumnado estranxeiro, as pautas xerais de actuación son:

- Preparación da acollida por parte do titor/a e os seus alumnos/as.
- Recepción do alumno/a e da persoa que o acompaña, por parte dunha persoa do centro que o coñeza para levalo á súa aula.
- Unha vez na aula, o titor/a presentará o novo alumno/a aos seus compañeiros/as, facilitando a relación entre todos e apoiando o novo alumno/a para que se integre o máis pronto posible.
- Se se considera, o profesor/a poderá elixir, temporalmente, a un compañeiro/a titor/a para que acompañe e axude ao novo alumno/a a coñecer e adaptarse o antes posible. As funcións do compañeiro/a titor/a poderían ser as seguintes:
  - Facilitar a integración do alumnado, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos do recreo.
  - Presentalo a outros compañeiros/as, profesores/as...
  - Axudalo nas dificultades iniciais de comunicación, se as ten.
  - Axudalo a entender as tarefas escolares que debe realizar.
  - Informarlle sobre horarios, materiais escolares, dependencias do centro, etc.

- Comunicar ao titor/a as dificultades que amose o alumno/a.

Partindo da consideración de que cada titor/a realizará actividades que considere máis axeitadas na súa aula para lograr a adaptación dos alumnos/as novos, en concreto dos de orixe estranxeira, poderá ter en conta algúns aspectos importantes.

- Información sobre o país e/ou países de procedencia do alumnado: costumes, relixión, cultura, etc.
- Utilizar na aula algunhas referencias de linguas estranxeiras: saúdos, despedidas, frases feitas, etc.
- Ver e comentar información (documentais, películas...) sobre outras culturas, etnias e países de orixe.
- Fomentar actitudes de respecto a outras culturas, razas, maneiras de pensar,...

En canto ás **medidas formativas**: o centro fomentará aqueles programas dirixidos ao profesorado, alumnado e ás familias e persoal non docente en relación á convivencia, destacando accións de formación para a paz, a igualdade, a non discriminación por causa algunha e a resolución pacífica de conflitos. Ademais realizaranse actividades de carácter sensibilizador para toda a comunidade educativa orientadas á igualdade entre homes e mulleres, á non discriminación por razóns de raza, sexo ou procedencia ou condición social.

Como **medidas organizativas**: a dirección do centro remitirá ás familias, ao inicio de cada curso escolar, unha circular informativa resumindo as principais normas de organización e funcionamento do centro. Ao longo de cada curso escolar haberá reunións informativas entre os mestres-titores e as familias, así como entrevistas persoais (titorías).

### 3.2. Actuacións de sensibilización cara á diversidade

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión, igualdade de oportunidades, promoción da convivencia e participación de toda a comunidade educativa.

O Plan de Atención a Diversidade foi aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar no ano 2012 e forma parte do Proxecto Educativo do Centro. Todos os anos na súa concreción acórdanse actuacións que pretenden mellorar as decisións pedagóxicas e organizativas dos distintos profesionais, dirixidas non só ao alumnado con necesidades educativas específicas, senón a todos os alumnos, garantindo, deste xeito, unha educación de calidade.

Dentro deste Plan e, como mellora da convivencia neste centro educativo, organízanse todos os cursos unas Xornadas de Convivencia con centros específicos que comparten con nós a modalidade de escolarización de determinados alumnos/as.

### **3.3 Programas específicos para o desenvolvemento da convivencia.**

#### **3.3.1.- Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.**

En relación ao acoso escolar o centro tomará como referencia o Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Ademais, o centro adaptarase ás circunstancias propias, realizando programas ou sesións destinados a concienciar sobre o acoso escolar ao profesorado, ao alumnado, así como ás familias e ao persoal non docente, de modo que sirvan para poder detectar e facer fronte a estas situacións (Plan Director da Policía Nacional, colaboración con ONG's...). Na mesma liña, facilitarase que as posibles vítimas de acoso escolar poidan comunicar a súa situación sen dificultade e que se sintan apoiadas polo centro, a fin de axudalas co problema.

No momento no que se detecte algunha situación de acoso escolar, tomaranse as medidas oportunas para detela, e facer as correccións necesarias na detección e resolución dos conflitos que xurdan e realizar programas para promover a convivencia do centro.

#### **3.3.2.- Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais.**

Este programa pretende contribuír a un desenvolvemento equilibrado da competencia social como medida preventiva e para evitar que no centro se produzan condutas que alteren una correcta convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa. Aplicarase en colaboración co profesorado-titor e procurará implicar ao resto de profesorado e ás familias. Este programa desenvólvese no anexo II.

### **4.NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

As normas de convivencia garantirán unha adecuada convivencia dentro do centro educativo, tendo sempre presente que os dereitos de todos os membros de toda a comunidade educativa deben estar salvagardados.

A concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa recóllense nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF). Son un documento que establece a forma de organización que adopta o centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle



corresponden a cada integrante da comunidade educativa. Este documento atópase no anexo IX do P.E.

## **5.XESTIÓN DO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS**

No caso de incumprimento, omisión de normas ou realización dunha falta leve por parte do alumno/a, o mestre/a que corresponda cubrirá un modelo de parte de amonestación que quedará custodiado en Xefatura de Estudos e se atopa no anexo III deste plan.

Para aquelas actitudes ou accións contrarias á convivencia hai diferentes sancións, en orde de menor a maior importancia, dependendo do tipo de conduta.

O carácter leve ou grave das condutas contrarias á convivencia ven determinado no Decreto que desenvolve a Lei de Convivencia Educativa, así como os dereitos e deberes da Comunidade Educativa veñen determinados na Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa. As NOF deste centro inspíranse tamén nesta lexislación.

Para aquelas **condutas leves** contrarias á convivencia hai as seguintes sancións, que serán aplicadas polo seguinte persoal do centro:

- Profesorado do alumno/a oído este e dando conta á persoa que ocupa a xefatura de estudos (cando se cubra o parte de amonestación):
  - Amonestación privada ou por escrito (Anexo III).
  - Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
  - Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- O/A titor/a, oído este e dando conta á persoa que ocupa a xefatura de estudos:
  - Amonestación privada ou por escrito.
  - Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
  - Realización de traballos específicos en horario lectivo.
  - Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- O/A xefe/a de estudos, ou persoa titular da dirección do centro, oídos do alumno/a, e a súa titor/a:
  - Amonestación privada ou por escrito.

- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- A dirección do centro, oídos o alumno/a e o titor/a.
  - Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
  - Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

As medidas correctoras para as **condutas gravemente prexudiciais** só se poderán impoñer logo da intervención da Comisión de Convivencia e tramitación, se fora o caso, dun procedemento disciplinario. Estas son:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora do desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- Solicitud de cambio de centro.

## **6.COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

A Comisión de Convivencia, constituída dentro do Consello Escolar, terá como principal función a de facilitar o cumprimento do establecido neste Plan de Convivencia e velar polo cumprimento da lexislación vixente neste aspecto.

### Funcións da Comisión de Convivencia:

- Elaboración, dinamización e avaliación do Plan de Convivencia.
- Elaboración dun informe anual sobre a convivencia na escola.
- Coordinación de accións conxuntas no ámbito da convivencia.
- Colaborar, xunto co Departamento de Orientación, na realización de programas que preveñan e detecten posibles ou existentes problemas de convivencia no centro.
- Valorar a colaboración de institucións e asociacións que velen por estes valores e aporten aspectos positivos neste ámbito.

A actual Comisión de Convivencia está constituída por:

- Director/a.
- Dous profesores, que neste centro serán o Xefe/a de Estudos e o Orientador/a.
- Dous representantes dos pais/nais.
- Delegado/a de 6º curso.
- Un representante do persoal non docente.

Asemade, a persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres será un/unha mestre/a.

## **7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN**

A Comisión de Convivencia manterá tres reunións de carácter ordinario, unha por trimestre. A maiores convocaranse aquelas reunións extraordinarias cando sexa preciso, por propia iniciativa ou proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros ou a instancias da dirección do centro.

De igual xeito, manterase un contacto coas familias e outras colectivos colaboradores en relación

á convivencia escolar cando a comisión de convivencia considere oportuno.

## **8. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

O Equipo Directivo será o responsable de facer as actuacións oportunas para que o Plan de Convivencia sexa coñecido por toda a comunidade educativa, tal e como indica a lexislación vixente.

Procederá a informar sobre a súa existencia e os aspectos dos que se compón, así como engadilo á páxina web para facilitar o acceso a dito documento. Ao inicio de cada curso escolar a Dirección do Centro enviará ás familias unha circular cun breve resumo das directrices deste Plan.

## **9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

A Comisión de Convivencia, coa colaboración de toda a comunidade educativa, vixiará que o Plan de Convivencia sexa respectado e cumprido por toda a comunidade educativa, así como a consecución dos obxectivos marcados. Do mesmo xeito, fomentarse a participación da comunidade educativa para a avaliación do plan.

Para dita avaliación, realizarase a análise das informacións que pode proporcionar o profesorado, alumnado, familias e persoal non docente. A información será recollida por diferentes medios:

- A observación do profesorado dentro do centro educativo e das aulas.
- Realización de enquisas ou cuestionarios ao profesorado e as familias.
- Entrevistas ás familias e ao alumnado no momento dalgunha problemática.
- Grupo de discusión entre o profesorado sobre cuestións do Plan de Convivencia.
- Outros medios como informes, faltas de disciplina do alumnado, etc.

O análise de toda a información recompilada servirá para que se fagan as melloras oportunas tendo en conta todos os sectores afectados, podendo ser modificados aspectos do Plan de Convivencia actual, así como dos obxectivos que se queren acadar e das medidas para o desenvolvemento da convivencia seguindo as pautas que marque a lexislación vixente e as necesidades que xurdan.

## ANEXO I

### CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO

**Valoración global da convivencia:** segundo a seguinte escala valorativa:

1 (moi malo), 2 (malo), 3 (regular), 4 (normal), 5 (bo), 6 (moi bo), 7 (excelente)

#### 1.- Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?

	1	2	3	4	5	6	7
O clima de traballo e as relacións entre o profesorado							
As relacións co equipo directivo							
As relacións do profesorado co alumnado							
As relacións do alumnado co profesorado							
As relacións entre o alumnado							
As relacións do profesorado coas familias							
As relacións das familias co profesorado							
As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa							
As relacións da comunidade educativa co contorno escolar							
As relacións do centro cos servizos sociosanitarios							
As relacións coa Administración educativa							

#### Valoración dos conflitos:

1 (nunca), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algunhas veces), 5 (bastantes veces), 6 (moitas veces), 7 (sempre)

#### 2.- Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

	1	2	3	4	5	6	7
Entre o profesorado e o equipo directivo							
Entre o profesorado							
Entre o profesorado e alumnado							

Entre alumnado							
Entre o profesorado e as familias							
Entre pais/nais e fillos/as							
Entre as familias							
Entre o centro escolar e a Administración educativa							
Entre o centro escolar e o concello							
En relación co persoal non docente							

**3.- Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?**

	1	2	3	4	5	6	7
Agresións verbais entre o alumnado							
Agresións físicas entre o alumnado							
Agresións verbais de profesorado a alumnado							
Agresións físicas de profesorado a alumnado							
Agresións verbais de alumnado a profesorado							
Agresións físicas de alumnado a profesorado							
Intimidación e acoso entre alumnado							
Problemas entre o profesorado							
Vandalismo ou deterioro grave nas cousas							
Roubos							
Problemas con consumo de drogas							
Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase)							
Indisciplina (insultos, malas constestacións, faltas de respecto)							
Acoso sexual							
Absentismo e deserción escolar							

**Valoración sobre as iniciativas**

1 (nada), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algo), 5 (bastante), 6 (moito), 7 (moitísimo ou a que máis)

**4.- Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?**

	1	2	3	4	5	6	7
Reforzar a disciplina no centro							
Consensuar normas entre o alumnado e profesorado							
Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado							
Unificar os criterios de actuacións entre o profesorado							
Darlle máis participación ás familias na xestión do centro							
Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións							
Mellorar as relacións entre profesorado e familias							
Mellorar as condicións de traballo do profesorado							
Facer grupos de alumnado máis reducidos							
Mellorar os recursos do centro educativo							
Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos							
Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos							
Facer grupos de mediación en conflitos nos centros							
Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado							
Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa							
Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo							

## ANEXO II

# PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

## INTRODUCCIÓN

Entendemos por “Habilidade Social” un conxunto de condutas sociais que poden adquirirse e que o suxeito pode controlar; condutas verbais e non verbais que facilitan o intercambio social. É dicir, condutas habituais, non esporádicas que fan máis fácil entendernos, axudarnos, corrixirnos mutuamente, defender os nosos dereitos e respectar ao mesmo tempo os dereitos dos demais.

Así pois, **ser socialmente hábil:**

- Favorece a socialización infantil
- Aumenta o rendemento académico
- Crea maiores interaccións positivas
- Amplia a aceptación dos demais cara nós
- Permite emitir respostas afectivas e apropiadas

O novo ordeamento do sistema educativo introduce entre as diferentes áreas curriculares, actitudes e valores sociais que son necesarios para a convivencia. Cando logramos unha positiva competencia social dende a infancia, contribuímos a unha mellor adaptación social, escolar e psicolóxica.

Sen embargo, nas situacións interactivas que se producen no ámbito escolar, non todos os alumnos se relacionan dun xeito socialmente hábil por carecer, ás veces, de repertorios básicos para interactuar. É por iso que a escola debe promover, xunto coa familia, a competencia social dos seus alumnos, a través do ensino-aprendizaxe de Habilidades Sociais.

### 1.- OBXECTIVOS:

- Favorecer o desenvolvemento no alumnado de condutas de interacción básicas no contexto social cotidiano.
- Desenvolver no alumnado condutas que permitan comunicar sentimentos, opinións e afectos de xeito asertivo.
- Ofrecer aos alumnos instrumentos para resolver de xeito pacífico os conflitos da aula e/ou conflitos que poidan xurdir nas súas relacións interpersoais.

### 2.- BLOQUES DE CONTIDOS :



## 2.1.-HABILIDADES BASICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL

Son habilidades e comportamentos básicos para relacionarse con calquera persoa, tanto en interaccións afectivas e de amigos, como noutro tipo de contactos persoais. Moitas veces olvídanse porque parecen obvias e consideranse como condutas de formalidade, pero constátase a importancia que teñen nas interaccións do neno e o adolescente. Esta área comprende as seguintes habilidades:

Habilidades básicas de interacción social	Habilidades para facer amigos	Habilidades conversacionais
<ul style="list-style-type: none"> <li>. Sorrir e rír</li> <li>. Saudar</li> <li>. Presentacións</li> <li>. Favores</li> <li>. Cortesía e amabilidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Reforzar aos outros</li> <li>. Iniciadores sociais</li> <li>. Unirse ao xogo cos outros</li> <li>. Axuda</li> <li>. Cooperar e compartir</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Iniciar conversacións</li> <li>. Terminar conversacións</li> <li>. Unirse á conversación doutros.</li> <li>. Conversacións de grupo</li> </ul>
Habilidades relacionadas coas emocións, sentimentos e opinións	Habilidades de solución de problemas interpersoais	Habilidades para relacionarse cos adultos
<ul style="list-style-type: none"> <li>. Autoafirmacións positivas</li> <li>. Expresar emocións</li> <li>. Recibir emocións</li> <li>. Defender os propios dereitos e opinións</li> <li>. Aceptar e rexeitar críticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Identificar problemas interpersoais</li> <li>. Buscar solucións</li> <li>. Anticipar as consecuencias</li> <li>. Elixir unha solución</li> <li>. Probar a solución</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Cortesía co adulto</li> <li>. Reforzo ao adulto</li> <li>. Conversar co adulto</li> <li>. Peticións ao adulto</li> <li>. Solucionar problemas cos adultos</li> </ul>

- ✓ Sorrir e rír.
- ✓ Saudar.
- ✓ Presentacións.
- ✓ Favores.
- ✓ Cortesía e amabilidade.

## **2.2.-HABILIDADES PARA FACER AMIGOS**

Son cruciais para o inicio, desenvolvemento e mantemento de interaccións positivas e mutuamente satisfactorias cos iguais. Implican satisfacción mutua, placer e contribúen ao adecuado desenvolvemento social e afectivo do neno. Os nenos que teñen amigos presentan unha maior adaptación persoal e social. O neno habilidoso nesta área recibe maior cantidade de respostas e propostas sociais positivas dos compañeiros. Esta área comprende as seguintes habilidades:

- ✓ Reforzar aos outros.
- ✓ Iniciacións sociais: implica relacionarse cunha persona a través dunha actividade ou unha conversa.
- ✓ Unirse ao xogo cos outros.
- ✓ Axuda.
- ✓ Cooperar e compartir.

## **2.3.-HABILIDADES CONVERSACIONAIS**

Permiten ao neno iniciar, manter e rematar conversacións con outras persoas. Son o soporte fundamental das interaccións con outras persoas, para que estas sexan efectivas. Por medio da expresión verbal expresamos os nosos sentimentos, negociamos un conflito, interactuamos co outro. Na infancia, a conversa non é só un medio esencial de participación, senón de aprendizaxe.

Esta área comprende as seguintes habilidades:

- ✓ Iniciar conversacións.
- ✓ Terminar conversacións.
- ✓ Unirse á conversación dos outros.
- ✓ Conversacións de grupo.

## **2.4.-HABILIDADES RELACIONADAS COS SENTIMENTOS, EMOCIÓNS E OPINIÓNS**

Relacionadas coa conduta asertiva ou asertividade, é dicir, aquela que implica a expresión directa dos propios sentimentos e a defensa dos propios dereitos persoais, sen negar os dereitos dos outros.

A persoa asertiva protexe os seus propios dereitos e respecta os dereitos dos outros, consegue os seus obxectivos, é expresiva emocionalmente, síntese ben consigo mesma e fai que os demais valoren e respecten os seus desexos e opinións.

Esta área comprende as seguintes habilidades:

- ✓ Autoafirmacións positivas

- ✓ Expresar emocións
- ✓ Recibir os propios dereitos
- ✓ Defender as propias opinións

## **2.5.-HABILIDADES DE PROBLEMAS INTERPERSOAIS.**

Constitúen un importante mediador do axuste comportamental e social, apréndense a través da experiencia. O obxectivo é que o alumno aprenda a solucionar por si mesmo e de forma construtiva e positiva os problemas interpersoais que se lle plantexan nas relacións cos outros nenos. Os principais problemas que se plantexan son os seguintes:

- ✓ Aceptación, rexeitamento ou negativa.
- ✓ Agresión, ataque físico ou verbal.
- ✓ Apropiación de pertenzas e obxectos personais.
- ✓ Acusación, violación dos seus dereitos e necesidade de axuda.

Esta área comprende as seguintes habilidades:

- ✓ Identificar problemas interpersonais.
- ✓ Buscar solucións.
- ✓ Anticipar consecuencias.
- ✓ Elixir unha solución.
- ✓ Probar a solución.

O proceso que hai que realizar establécese da seguinte forma:

1. Controlar o impulso inicial.
2. Identificar e definir o problema.
3. Buscar alternativas.
4. Anticipar consecuencias.
5. Elixir unha solución.
6. Por en práctica e probar a solución.
7. Evaluar os resultados obtidos.

## **2.6.-HABILIDADES PARA RELACIONARSE COS ADULTOS**

Implica relación con persoas de estatus superior no sentido de maior idade, autoridade etc, polo que é necesario que os nenos teñan claro que a relación que manteñen cos adultos é distinta da que manteñen cos nenos. Isto non ten que supoñer que estas relacións sexan de dependencia ou sumisión para o neno, senon polo contrario sexan relacións positivas para ambos.

Hai nenos que interactúan inadecuadamente co adulto, os rapaces con problemas de

competencia social teñen máis relación co adulto pero en ton máis negativo (reprimendas, sancións, etc), non interactúan ben e utilizan modelos inapropiados de relación con eles como son: buscar continuamente a relación, relacionarse só cando o esixe a actividade ou cando se necesita axuda e evitar no posible a relación co adulto.

Estas habilidades están moi relacionadas coa área de defender os propios dereitos de forma asertiva e positiva. Estas habilidades son de esencial importancia e en ocasións omítese de todo programa de habilidades sociais sen darnos de conta de que son un elemento de prevención e de entrenamiento para mellorar e evitar moitos dos conflitos que xorden a diario, tanto na escola como na familia.

Nesta área inclúense as seguintes habilidades de interacción social:

- ✓ Conversar co adulto.
- ✓ Cortesía co adulto.
- ✓ Reforzar ao adulto.
- ✓ Peticións ao adulto.
- ✓ Solucionar problemas con adultos.

Son moi importantes; en ocasións, a relación adulto-neno é inadecuada, ao adulto cústalle aceptar que os rapaces teñen dereito a facer peticións

### **S.-METODOLOXÍA**

Propónse unha metodoloxía activa, participativa e que suscite a reflexión, o diálogo e a comunicación.

Independentemente das técnicas que se utilicen, os seguintes principios xerais poden ser de utilidade nas intervencións do profesorado no desenvolvemento do programa:

- Manter a orde respectando as quendas de palabra e as opinións alleas.
- Dirixir os debates para asegurar que os puntos principais sexan tratados e información errónea corrixida.
- Animar e reforzar positivamente aos alumnos.
- Sempre que sexa posible, tratar as cuestións ou problemáticas suxeridas polo alumnado

Técnicas a empregar:

- Instrución verbal.
- Modelado
- Ensaio e práctica (Role-playing, intercambio de papeis, discusión en pequenos grupos)
- Información (feedback)
- Reforzamento social verbal, xestual ou mixto.

- Tarefas para xeralizar o aprendido a momentos diferentes

- **Instrución**

Consiste en subliñar a importancia da habilidade á que nos estamos referindo, sendo útil comentar entre todos as razóns polo que se consideraba bo amosar ese tipo de conduta.

- **O modelado**

Preséntaselle ao alumnado un modelo eficaz de como se debe desenvolver tal habilidade.

- **Ensaio e práctica**

O seguinte paso é que ensaien a habilidade adestrada, a través de verbalización de exemplos ou de interaccións simuladas.

- **Información**

Para indicar ao alumnado como fixeron o ensaio e a práctica.

- **Reforzamento**

Reforzamento consiste en dicir ou facer algo agradable para o alumnado despois dunha boa execución

- **Tarefas para xeralizar**

Non existe aprendizaxe se non existe transferencia desa conduta no tempo a outros contextos e a situacións específicas. Trátse de conseguir esa a través do entrenamiento.

#### **4.-ACTIVIDADES**

Para realizar as actividades do Programa de Habilidades Sociais, basémonos en diverso material que consideramos moi apropiado para os nosos alumnos seguindo os seguintes **materiais de referencia e que serviron de base para a confección deste programa:**

- “Programa de Enseñanza de las habilidades de interacción social”(PEHIS).Mª Inés Monjas Casares.Ed. CEPE
- “Las habilidades sociales en la escuela” 1 y 2. Mª Mercedes Martínez López. Ed. PROMOLIBRO.
- “Aprendizaje de las habilidades sociales básicas”. Pilar González Navarro y Rut Molina Vera.CEIP San Francisco Cájar.Granada. Revista “Práctica Docente”

Todas as actividades posibles dos distintos apartados, pódense consultar na referencia bibliográfica anterior, presente no Departamento de Orientación e a través das reunións da orientadora cos titores/as empregando aquelas que se elixan en función da actividade que pretendan traballar.Tamén se pode consultar o Programa de Habilidades Sociais do IES Monte das Moas,do que somos centro adscrito.

#### **5.-AVALIACIÓN**

Os resultados do programa avaliaranse mediante a observación condutual, o informe doutras persoas e o autoinforme.

Pode ser útil contestar ás seguintes preguntas :

- Conquerimos os obxectivos propostos?
- Implicáronse os alumnos?
- As actividades son prácticas?
- Actuamos ben como grupo de traballo?
- Mellorou en algo a convivencia nas nosas aulas?

Para este cometido tamén se terá en conta a información proporcionada polos participantes:

- **Familias:** grao de satisfacción respecto ás intervencións individuais realizadas.
- **Alumnado:** calidade da atención recibida, utilidade das actividades, comunicación co profesorado.
- **Profesorado en xeral,** o profesorado titor (PAT) propostas de mellora.

## 6.- O PAPEL DAS FAMILIAS

Consideramos importante sensibilizar ás familias sobre a importancia do desenvolvemento das Habilidades Sociais para a adaptación dos alumnos/as á escola e á sociedade. A través das titorías cos profesores e a través da propia páxina web do centro poderán dispor de recursos para que o noso traballo dende a institución escolar poda verse reforzado dende as casas. Resulta moi importante entender á comunidade educativa como formada por todos aqueles axentes que interveñen e teñen relación cos alumnos/as, no ámbito no que estes desenvolvan as súas actividades e relacións. A comunicación e colaboración entre todos é a mellor garantía de éxito na planificación do traballo, na resolución de problemas interpersonais, na resolución pacífica de conflitos, na xestión de sentimentos e emocións e, en definitiva, na consecución dunha convivencia pacífica e satisfactoria.

**ANEXO III**

**MODELO PARTE DE AMONESTACIÓN**

CEIP ANXO DA GARDA

PARTE DE AMONESTACIÓN

ALUMNO.....CURSO.....

INCIDENCIA.....

.....  
.....  
.....

DATA.....

O/A PROFESOR/A

.....





**CEIPP ANXO DA GARDA**

<b>PARTE DE AMONESTACIÓN - ANEXO III</b>					<b>Curso</b>						
<b>Profesor/a</b>			<b>Data</b>		/		/ 201__				
<b>Área</b>			<b>Hora</b>		1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	R	L	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>

<b>Alumno /a (Apelidos e nome)</b>		<b>Número</b>	
<b>Curso e grupo</b>			

**Motivos do parte**

(En caso doutro tipo de incidencia, explicar con precisión a súa natureza, lugar e momento)

- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- Non participar ou poñer en cuestión as actividades da aula orientadas ao desenvolvemento dos planos de estudio.
- Rexeitar seguir na aula as orientacións do profesor ou profesora respecto da súa aprendizaxe.
- Falta de respecto ao exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- Actos inxustificados que perturban o normal desenvolvemento das actividades lectivas.
- Discriminar a un membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Deterioro ou dano, causado intencionadamente, das dependencias da aula, do material desta, ou dos obxectos e pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Acto de indisciplina, inxuria, ofensas, respecto e consideración ao/á profesor/a e/ou compañeiros de estudos (subliñar o que proceda).
- Actos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que non supoña unha indisciplina grave.
- Agresión física contra un membro da comunidade educativa (profesor/a, compañeiros de estudos, persoal non docente...).
- Portar calquera obxecto ou produto expresamente prohibido polas normas do centro (perigoso para a saúde ou integridade persoal dos membros da comunidade educativa).
- Falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos nas normas de convivencia do centro.
- Outro (especificar): .....

**Breve exposición de feitos:**

.....

.....

.....

.....

Sinatura do profesor/a

**Observacións:**  
 1.- O orixinal debe ser entregado coa máxima celeridade ao xefe/a de estudos, e unha fotocopia debe ser tamén entregada ao titor/a.

### Medidas adoptadas

(En caso de aplicar outro tipo de medidas, que poidan ser contempladas na normativa, especificar)

- Amoestación privada ou por escrito do profesor.
- Amoestación privada ou por escrito do titor.
- Chamada telefónica aos pais. Entrevista co titor.
- Comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos.
- Amoestación por escrito. Citación aos pais para manter entrevista co titor e xefe de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro por un período de ata 2 semanas. (Só o Xefe de Estudos).
- Cambio de grupo por un período de ata 1 semana. (Só a Dirección).
- Comparecencia ante o director/ comisión de convivencia para aplicación de sanción.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, por un período de ata 3 días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Só a Dirección).
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Só a Dirección).
- Outras medida (especificar): .....
- .....
- .....
- .....

Sinatura do xefe de estudos

#### Observacións:

1.- Este reverso será cuberto polo profesor, ou titor, ou o xefe de estudos, de consideralo oportuno, en cada caso, e asinado polo xefe de estudos para o seu arquivo.

2.- Diante de calquera dúbida, consultar a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

ANEXO IV



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP PLURILINGÜE ANXO DA GARDA**  
Monte das Moas, 8  
15009 A CORUÑA

Tfno 881960778  
ceip.anxo.dagarda@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/ceipanxodagarda

A/A Dº/Dª.....

Ante o escrito presentado por.....Dº/Dª.....

á Dirección do Centro, referindo a conduta do/da se fillo/a.....

..... o día..... de ..... de....., e segundo

recolle o documento de Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia

vixente no.....

**COMUNÍCOLLE:**

Que os feitos son constitutivos de falta moi grave por constituír.....

....., polo que se inicia expediente sancionador.

Que as medidas de corrección que se propoñen son:

.....  
.....  
.....

Que vostede dispón dun prazo de cinco días para entrevistarse coa Dirección con relación a este tema.

En A Coruña, .....de.....de.....

A Directora,

Asdo:

ANEXO V

MODELO DE CARTA NOTIFICACIÓN



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP PLURILINGÜE ANXO DA GARDA**  
Monte das Moas, 8  
15009 A CORUÑA

Tfno 881960778  
ceip.anxo.dagarda@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/ceipanxodagarda

**A/A Dº/Dª** .....

O Consello Escolar do Centro, reunido en sesión urxente o día..... de  
.....de....., acorda aplicar as medidas correctoras ao alumno/a....  
..... propostas pola comisión constituída a tal  
efecto.

As medidas de corrección acordadas son:

.....  
.....  
.....

Ademais destas medidas disciplinarias, o Centro actuará na medida das súas  
posibilidades para intentar resolver os problemas referidos á situación de.....  
..... e que vostede manifestou na entrevista mantida coa Dirección do  
Centro; esta situación implicará tanto os recursos internos do Centro, coma aos  
externos.

En A Coruña, .....de.....de.....

A Directora,

Asdo: